



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN outubro – decembro 2015

19 de outubro: entregamos...



El libro de arena, de Jorge Luis Borges

Trece relatos curtos e un epílogo dun estilo llano, case oral, e dun argumento imposible. Contos que nos sitúan nunha dimensión onírica onde non está clara a barreira entre a realidade e o soño e onde as paradoxas temporais, as reflexións sobre o infinito e unha visión particular de certos feitos históricos, entre outros temas, revélanos o universo inimitable do Nobel arxentino.

Comentario: 9 de novembro

9 de novembro: entregamos...



Non hai noite tan longa, de A. Fernández Paz

Un home de 50 anos regresa desde París a súa vila natal, atormentado cun alude de lembranzas e co amargor da culpa e da covardía tras desconfiar da inocencia do seu pai nuns acontecementos ocorridos décadas atrás.

Comentario: 23 de novembro

23 de novembro: entregamos...




Las viudas de los jueves, de Claudia Piñeiro

Na exclusiva urbanización Altos de la Cascada viven familias que levan un mesmo estilo de vida e que queren mantelo custe o que custe. Alí, un grupo de amigos reúnese semanalmente lonxe das miradas dos seus fillos e esposas, as cales se autodenominan, chanceando, «as viúvas dos xoves». Premio Clarín de Novela 2005 en Argentina.

Comentario: 14 de decembro

14 de decembro: entregamos...



Festina lente, de Marcos Calveiro

Coa frase *Festina lente* encabezaba o impresor veneciano Aldo Manucio (1449-1515) os seus libros. Segundo Marcos Calveiro "significa algo así como 'corre amodo". Un fresco histórico da cidade de Santiago, na época dos primeiros impresores e da aparición dos primeiros textos impresos en galego. "Tratase da construción dos alicerces da nosa cultura, os libros".

Comentario: 11 de xaneiro